

SANTIAGO DE COMPOSTELA

MARZO | 2007 | 01 | 08 | 13 | 20 | 28 | 29 | 30

CENTRO SOCIAL E XUVENIL O ENSANCHE | 20.30 H

REVELANDO VOCES

XAVIERDÍAZ Xoves 1 de marzo

DIEGOMASSIMINI Xoves 8 de marzo


ROBERTOSOBRAO Martes 13 de marzo

MARKINHOSDRINKIN Martes 20 de marzo

PEPECONSTENLA Mércores 28 de marzo

XOÁNCURIEL Xoves 29 de marzo

CARMENDOR Venres 30 de marzo



I CICLO REVELANDO VOCES EN COMPOSTELA

MARZO 2007

CENTRO SOCIAL E XUVENIL O ENSANCHE

Xoves 1 ás 20.30 h (inauguración)

XAVIER DÍAZ

Recoñecido músico, cantante e bailarín, conta xa cunha dilatada carreira dentro do panorama musical galego e do universo da cultura tradicional.

Ademais de haber sido mestre e director da Escola de Música e Baile tradicional do concello de Ames, participou en numerosos proxectos como *Cantos na Maré*, (2003) xunto con músicos recoñecidos como Uxía Senlle, Chico César ou Manecas Costa ou *Ao pe da Letra*, proxecto no que se exploran as alturas e profundidades da lingua galega no territorio da música popular contemporánea.

Aínda que *Músicas de Salitre* (2005), (no que conta coa produción, arranxos e composición de Guillermo Fernández), é o seu primeiro proxecto como produtor e compositor, ten editado tres discos co grupo *Rumbadeira*: *Para Cantar Como eu Canto* (1995), *Rumbadeira* (1997) e *No Faiado dos Soños* (1999) e producido e coordinado o disco de Xiradela (*Xiradela*, 2003).

Do mesmo xeito, ten realizado múltiples colaboracións en espectáculos con Amancio Prada, Luar Na Lubre, Marful, Berrogüetto e Os Cempés e ten feito gravacións en traballos discográficos de grupos como Os Cempés (*Circo Monte Curuto*, 2000), Ruote (*Nin Canto nin Tam-pouco*, 2000), Berrogüetto (*Hepta*, 2001) e Carmen Rey (*Fuera*, 2002).

Actualmente, compaxina o seu proxecto persoal co seu papel de cantante nos espectáculos da compañía *Nova Galega de Danza*, acadando a nominación nos Premios MAX 2005 como *Mellor Espectáculo Revelación*, e coa que gravou a música do seu primeiro espectáculo, *Alento*.



Xoves 8 ás 20.30 h

DIEGO MASSIMINI

Este cantautor arxentino que xa se considera santiagués, chegou á nosa cidade despois de percorrer varios países latinoamericanos e traballar en numerosos movementos culturais dentro do que se deu a coñecer coma *Nova Canción Latinoamericana*. Formando parte dos grupos *Diego Massimini Brazilian Quartet* e *Brazilian Quintet*, compartiu escenario con músicos como Ismael Serrano, La Habana Abierta, Alejandro Filio, Fito Páez, Fran Delgado, Rogelio Botanz ou Luís Pastor e tamén colaborou como arreglista e cantante nos traballos *"Tiempo"*, de Rogelio Botanz, como músico convidado e compositor en *"Reaching the promise"* de Larry Jean Louis, *"Nana Enea"* do guitarrista canario Ricardo Montelongo, e *"Directo al Tajo"* de Fermín Romero.

No I Ciclo Revelando Voces en Compostela, Diego Massimini, presentaranos o seu primeiro traballo titulado *"Tratado del escondite"*, no que nos mostra fermosas melodías, cheas de reivindicación unhas, e de saudade e morriña, outras.



Martes 13 ás 20.30 h

ROBERTO SOBRADO

Roberto Sobrado e a súa banda son xa uns vellos coñecidos dos ambientes nocturnos de Compostela, que adoitan encher cos seus temas propios e as súas versións de músicos e grupos tan diversos como Sabina ou Celtas Cortos.

Artista prolífico, Roberto Sobrado conta con numerosos traballos xa dende que empezou a tocar en solitario alá polo ano 99, ano no que gravou a súa maqueta *"Sol Negro"*, para a que compuxo 13 dos 14 temas cos que conta.

Tamén no ano 99, grava o seu primeiro traballo en estudio, titulado *"Índice de Inquietudes nº 1"*, como resultado do *II Certame de Pop-rock Xuventude*.

A este disco, proséguenlle outros dous a modo de recopilatorios, chamados *"Retallos"*, realizados nos anos 2001 e 2002 e nos que nos amosa melodías gravadas en distintos lugares, tanto en estudio coma en directo e en formato solista e con banda.

O primeiro CD da nova formación, sae á venda no ano 2003 e se titula *"Pan e Circo"* e conta con composicións orixinais, algunhas das cales se revisan no seu ata o de agora, último traballo, chamado *"Agasallos sen promesas"* (2004).



Martes 20 ás 20.30 h

MARKINHOS DRINKIN

Markinhos empezou tocando en «petit comité» e de forma moi espallada en locais como A Casa das Crechas, o Centro Social de Bugallido, a Corredoira... pero é a raíz dunha invitación de Ruxe-Ruxe para participar na presentación dun dos seus discos cando se recolle de forma sonora a actuación de Markinhos.

Deste xeito chega ao programa da radio galega «Aberto por reformas» e ao programa de potenciación musical galega «Apologhit», onde se producen as case 7.000 descargas do tema «O iogur de fresa».

É a partires deste momento cando de novo percorre o país (Universidade da Coruña, Festival Galiza Nova de Viveiro, o Pino-folk, Bertamiráns, a Sala Capitol de Santiago, o Festival Rock Reis, o Festival «Desmando-outro Teo é posíbel», etc... coas súas composicións, propóndonos bos e distendidos momentos onde se combinan reflexións e monólogos con cancións surrealistas, contraculturais e de profunda carga social.



Mércores 28 de marzo

PEPE CONSTENLA

Pepe Costenla representa unha das voces actuais máis comprometidas do noso país, consciente de que aínda hai motivos para recuperar a memoria colectiva.

Para acadar esta finalidade de fuxir dunha postura artificial e sen fondo, Pepe Costenla utiliza como referentes aos grandes trobadores da segunda metade do século XX e principio do XXI, cun son fundamentado na guitarra clásica xunguida á melosidade da poesía dos grandes autores e cantante galegos.

Pero ao mesmo tempo, a proposta de Pepe é unha proposta novidosa no panorama musical galego. Uns arranxos simples e claros cunhas letras traballadas e curiosas que nos amosa no seu primeiro traballo titulado *"Quen fixo berrar ao silencio"*, e que consta de 10 cancións compostas por el mesmo.

Xoves 29 ás 20.30 h

XOÁN CURIEL

Xoán Curiel, é recoñecido non soamente pola súa faceta de cantautor, senón tamén pola de actor de teatro profesional, xa que forma parte da compañía *"Os Quinquilláns"* e anteriormente en *"Pifano S.L."*, e participou na exposición *"Lost in Sound"*, no CGAC, como presentador e cantante.

Ademais de participar como músico nos grupos *"Bate-Folhas"*, *"Batuqueiros"* e *"Be à-bà"*, por toda a Galiza, e colaborar con músicos como Carmen Dor e Leandro Brandi e poetas como Antía Otero, emprende unha xira co seu proxecto en festivais como *"FestiSon"*, *"Festival dos Ritmos do Mundo Move'm Cult'n Danza"* en Santiago de Compostela o *"Festival Multicultural de Cabanas"*; e en locais como o Casino da Toxa, os Concellos de Cervo, Brión, Arzúa, A Coruña (María Pita e Xardíns de Méndez Núñez), o *"Playa Club"* de A Coruña, a *"Sala Nasa"*, o *"Teatro Principal"* e na *"Praza do Toural"* en Santiago de Compostela.

Na súa maqueta, titulada *"Cóxegas de sons"*, Xoán Curiel nos amosa melodías cunha marcada influencia de ritmos étnicos galegos, africanos, árabes e latinos nas que lle canta a Galicia, á Terra e á biodiversidade.

Actualmente prepara o que será o seu primeiro traballo discográfico *"Nai"*. Para este traballo inspirado na figura da muller como creadora, colabora con diferentes músicos, cantantes e poetas galegos, e doutras latitudes como Brasil ou Croacia.



Venres 30 ás 20.30 h (peche)

CARMEN DOR

Mentres Carmen Dor estuda educación musical na Universidade de Santiago de Compostela aterra no mundo poético e comprometido do compositor Xavier Mugaridos. Xunto a el e a súa banda, na que permanecerá tres anos, grava o primeiro disco da súa carreira; *"O Sol que vai chegar"* (Mugaridos- Zouma Records, 1999).

Nestes anos, en Mugaridos, xorden os primeiros contactos co mundo do jazz. É cantante invitada liderando un quinteto no Festival de Jazz Cidade de A Coruña (1997), interpretando temas de Duke Ellington.

Sen embargo, é na bossa nova onde se sente máis cómoda. A lingua lusófona e a identificación co texto moldean a súa personalidade escénica.

No 2001 aparece no mercado nacional o seu primeiro traballo en solitario: *"Carmen Dolores Oceánica"* (Clave Records). Un retrato intimista que da testemuña todas as súas influencias envoltas nun dramatismo intenso herdado das paixóns tóxicas das arias de ópera que foron dándolle cor á súa xoven voz.

Despois de colaborar en diferentes proxectos con Xoán Curiel e a bailarina Martha Franco, preséntanos o seu último traballo chamado *"Dora Maar"*, onde ritmos de tango, funky e bolero con evidentes texturas jazzísticas envolven unha estética suxerente e fresca, tal vez a maior transparencia e fidelidade a si mesma que a artista acadou.

